

Manifesto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega no Día de Rosalía de Castro 2019

Cantarte hei. Manifest(o)Acción no Día de Rosalía

***Manifesta** que *escribe, escribe, escribe*. E a escritura é unha acción.

***Manifesto** eu que escribir ela así no seu tempo é unha acción contra os grillóns da escravitude. Libre o seu pensamento

***Manifesta** o poema

o espolio	<i>dunha perenne miseria,</i>
as violacións	<i>a roupa de cote puñéronma en tiras,</i>
a inxustiza social	<i>sin abrigo tembra,</i>
os desafiuzamentos	<i>embargaránnos todo,</i>
o abuso laboral	<i>que se amargo pan vos ganan / dádesllo envolto en veneno</i>
os éxodos	<i>en errantes hordas.</i>

Do XIX ao XXI

***Manifesto** eu que un poema con palabras *da lingua que eu falo –que non é aquela que bastardean nas mais ilustradisimas provincias–* aínda hoxe é un **Manifesto**. *A miña infeliz patria tan desventurada*

***Aqués que tén fama de honrados na vila**. Galicia. Ano 2017. 82 agresións sexuais *raposos de sangre maldita*. Galicia. Ano 2017. 6436 denuncias por violencia de xénero *vendéume a xusticia*. manda, manda, manda, fato, rabaño
Dun golpe!

– **Manifesta acción** o poema –

***Na xa vella baranda** un corpo fala. Arrima o seu seo e no frío da reixa tatúa incisións.
Traspasa as nosas carnes.

***Estas migallas de liberdade**. Alertou. Tenteamos nós compracentes os rostros que nos cegan.

**Aquelas escuras e valerosas heroínas que viven e morren levando a cabo feitos maravillosos por sempre ignorados. – Manifesta que existen –*

**De humanos seres a compauta linea polas fronteiras pechadas en columnas nómades, en fronte o arame.*

Do XIX ao XXI

**Escrito en medio de todos-los destierros. – Manifesta que sabe que non a escoitan –*

**Do meu dor sin igual i a miña afrenta traidora se mofaban. Prende o computador, algún dispositivo. Ladran.*

**Manifesta que o poema é o lugar onde a voz afía a sombra.*

**Indóciles nos camiños desertos eses versos.*

**Cantos de independencia e liberdade. Manifesto.*

**Acción que se inunda e anega. Cantarte hei*

Ana Romani
Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)
#LibreOMeuPensamento_rdc_19